

FACULDADE DE VETERINARIA

INSTRUCCIÓN DE ACTUACIÓN DURANTE UNHA EMERXENCIA

EMERXENCIA

DEFINICIÓN

Calquera situación non desexada que pon en perigo a integridade das dependencias do Centro e das persoas que as ocupan, esixindo a intervención dos equipos de emerxencia do Centro, e si é necesario, (emerxencia parcial ou xeral), a evacuación rápida das persoas que o ocupan.

CLASIFICACIÓN

Pola súa gravidade en función das dificultades existentes para o seu control e posibles consecuencias, se clasifican en:

- *Conato de emerxencia:*
Accidente que pode ser controlado e dominado de forma sinxela e rápida polo persoal e medios de protección do local, dependencia ou sector.
- *Emerxencia parcial:*
Accidente que para ser dominado require a actuación dos equipos especiais de emerxencia do sector. Os efectos da emerxencia parcial quedarán limitados a un sector e non afectarán a outros sectores colindantes nin a terceiras persoas.
- *Emerxencia xeral:*
Accidente que precisa da actuación de tódolos equipos e medios de protección do establecemento e a axuda de medios de socorro e salvamento exteriores. Esixe unha evacuación rápida de tódalas persoas que ocupan o Centro.
A decreta a Dirección do Centro (Xefe de Emerxencia).

AVISOS DE ALARMA

- ***Emerxencia parcial***

- Actuar sobre o pulsador do sector afectado, que activa as sirenas do sector/Planta e envía simultaneamente o sinal de alarma á central de incendios e á Central Receptora de Alarmas (servizo 24 horas). As sirenas activadas emiten sons cortos e descontinuos, de ton agudo.
- Comunicar a emerxencia persoalmente ou por extensión telefónica á Conserxería (Centro Coordinador), e ó persoal afectado na zona da emerxencia.
- Actúan os equipos de emerxencia do sector/planta afectada. Esixe a evacuación da planta/sector afectado.
- Información: As instalacións de seguridade do Centro envían os sinais de alarma que non se atenden na propia central, ubicada na Conserxería, e despois de transcurrido un tempo corto e programado, a unha Central Receptora de Alarmas (CRA, servizo 24 horas). Dende a CRA se comunica por teléfono a información das alarmas ó Centro (Conserxería, Dirección, etc),

- ***Emerxencia xeral***

- A decreta a Dirección do Centro (Xefe de Emerxencia). Actuar sobre o pulsador de alarma xeral, ubicado nas proximidades da central de cada edificio, que activa tódalas sirenas do edificio. As sirenas activadas emiten sons continuos, de ton agudo, que se manteñen mentres dura a emerxencia. Esixe a evacuación rápida de tódalas persoas que ocupan o Centro.
- Actúan todos os equipos e medios de protección do establecemento e a axuda de medios de socorro e salvamento exteriores.

PERSOAL E ACTUACIÓNS DURANTE UNHA EMERXENCIA

Equipos de Autoprotección.

Acudir os puntos de reunión e actuar segundo as consignas do Plan de Autoprotección.

Profesores durante a impartición de Clase.

- Se activou a alarma xeral. Deberá evacua-los alumnos da súa aula pola saída mais próxima seguindo as consignas do persoal dos equipos de autoprotección. Cando abandone o aula totalmente evacuada deixe a porta pechada.
- Unha vez no exterior do edificio se dirixirá ós Puntos de Encontro Exteriores
- Unha vez no Punto e Encontro Exterior manter agrupados ós alumnos e recabar información sobre posibles ausencias para transmitila ó Xefe de Emerxencia (Dirección do Centro).

Profesores e persoal sin ocupación específica no momento da alarma.

- Se activou a alarma xeral. Deberá evacua-lo Centro pola saída mais próxima seguindo as consignas do persoal dos Equipos de Autoprotección, dirixíndose ós Puntos de Encontro Exteriores
- Unha vez no Punto e Encontro Exterior colaboré cos Equipos de Autoprotección na medida das suas posibilidades e non retorne ó Centro nin abandone a zona de reunión ate que se dé a orde. Espere instrucións dos Equipos de Autoprotección.

PUNTOS DE ENCONTRO EXTERIORES

Son os puntos ós que se debe de dirixir e nos que se debe de reunir a todo o persoal que ocupa o Centro, cando se realiza a evacuación do edificio. O persoal evacuado permanecerá nestes puntos de encontro seguindo as instrucións do Xefe de Emerxencia, por medio dos Equipos de Autoprotección.

Neste está establecido un Punto de Encontro exterior situado :

Pavillón Central e Auditorio

- 1) Zona asfaltada fronte as fachadas principais do Pavillón Central e Auditorio
- 2) Zona verde posterior as fachadas principais do Pavillón Central e Auditorio

Pavillón I

- 1) Zona verde entre o Pavillón I e Auditorio
- 2) Zona verde fronte as fachadas posteriores do Pavillón Central e Pavillón I

Pavillón II

Zona verde fronte a fachada posterior do Pavillón II

Pavillón-III


Zona verde posterior ao Pavillón II

Pavillón-IV

Zona verde posterior ao Pavillón II

Aulario

Zona verde posterior ao Pavillón II.



NORMAS XERAIS DE ACTUACIÓN

Actuación primaria contra incendios
Pulse o pulsador de alarma mais próximo e
Avise a Conserxería

A) Ao descubrir o incendio

1. Peche a porta do local incendiado.
2. Dé a alarma rápidamente. Pulse o pulsador de alarma más próximo. Avise ó persoal afectado na zona da emerxencia, e á Conserxería, por teléfono, ou persoalmente.
3. Manteña a calma, non grite.
4. Siga as instrucións dadas polo persoal dos equipos de emerxencia.
5. Non se expoña, baixo ningunha circunstancia, a un perigo por propia iniciativa.
6. Apaga-los lumes pequenos tapandoos, sin utilizar auga.
7. No caso de que non se encontrara ninguén no edificio (en horario de edificio pechado), avise por teléfono aos Bombeiros (080 ó 981542446), e á Patrulla do Servizo de Vixilancia da USC (607 414321). Espere no acceso ó edificio a chegada dos Bombeiros e da Patrulla do Servizo de Vixilancia da USC, para guialos ate o lugar do incendio.

B) No caso de evacuación

- Baixo ningunha circunstancia debe exponerse, nin vostede nin o persoal a evacuar, a un perigo por propia iniciativa.

- Debe manter en todo momento a calma e non fomentar situacións alarmistas (controle reaccións nerviosas), non grite e sobre todo non corra, xa que unha caída pode obstaculiza-lo camiño de evacuación, e a aglomeración e caída de outras persoas con graves consecuencias. Debe promove-la axuda mutua.
- Apague tódolos equipos eléctricos
- Elimine obstáculos nas portas e camiños de evacuación.
- Deixe pechadas as portas e ventanas tras o seu paso, asegurándose de que non quede ninguén no interior do recinto. Non peche con chave.

- Axude a evacuar ós discapacitados que se encontren na súa área.
- No se entretaña recollendo os seus obxectos persoais.
- Non utilice os ascensores.
- Nos tramos de escaleira circule polo exterior de éstas para favorece-lo acceso dos Equipos de Emerxencia.
- Durante a evacuación, non retroceda a buscar a outras persoas, xa que entorpecería a evacuación.
- Si existira fume abundante, camiñe agachado e cúbrase o nariz e a boca con un pañuelo ou outro tipo de prenda.
- Si se prendese a roupa, tírese ao chan e rode. Non corra, xa que si o fai activará mais o fogo.
- Abandonado o edificio, diríxase á zona de reunión (Punto de Reunión Exterior) para poder detectar posibles ausencias, informar de incidencias e facilita-lo acceso e traballo dos medios de socorro e salvamento exteriores. Non abandone a zona de reunión ate que se dé a orde. Espere instrucións dos Equipos de Emerxencia.
- Si por algunha razón non podera chegar a zona segura, deberá comunicalo:
 - Si é posible, ao Posto de Dirección de Emerxencias (Conserxería), que se encargará de informar sobre a súa situación.
 - Comuníquese tamén o través das ventanas.